


XEODISEA CÍES: UNHA NOVA MIRADA

CONCELLO
DE VIGO



SEMINARIO SOBRE AS SINGULARIDADES
XEOLÓXICAS DAS CÍES: DIÁLOGOS ABERTOS
COS PRINCIPAIS REFERENTES CIENTÍFICOS

OBXECTIVO XEOPARQUE DA UNESCO



ILLAS CÍES

13 DE MAIO

10:00 A 14:30



MUSEO VERBUM - CASA DAS PALABRAS

AV. SAMIL, 17, 36212 VIGO, PONTEVEDRA

INSCRÍBETE AQUÍ!



ENTREGARASE CERTIFICADO DE FORMACIÓN



DESCRIBIÓN DOS CONTIDOS DO SEMINARIO

1-Presentación xeneral. Unha viaxe pola Historia Xeolóxica

10:00 - 10:40 hrs

Presentación xeneral das características xeolóxicas do Arquipélago. Principais etapas da Historia xeolóxica que marcaron a evolución xeolóxica das Cíes: movementos de placas tectónicas, formación das rías e variacións no nivel do mar.

Irene Alejo, (UVigo)

Xeóloga e oceanógrafa. Mestra Titular da Universidade da Facultade de Ciencias do Mar da Universidade de Vigo. Experta en dinámica e evolución costeira, con ampla experiencia nas Illas Cíes. Coautora da Guía Xeolóxica do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia.

2-O substrato rochoso. Implicacións sobre a súa orixe e evolución

10:40 - 11:20 hrs

Descrición detallada das rochas e minerais que constitúen as Illas Cíes e as súas singularidades: texturas, foliación, diáclases, planos de falla, etc.

Luis González Menéndez, (IGME)

Xeólogo do Instituto Xeolóxico e Mineiro de España (IGME-CSIC). Experto en petroloxía, mineraloxía e xeoquímica. Coautor da Guía Xeolóxica do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia.

3-Formas de erosión e de meteorización. Dos grandes aos pequenos trazos da paisaxe e procesos de modelado

11:20 - 12:00 hrs

Importancia dos procesos de erosión e meteorización nos Lugares de interese xeolóxico do proxecto Xeoparque de Cíes. Elementos singulares: pías, tafonis, furnas, rasas...

Oscar Pazos, Xeólogo

Xeólogo, profesional independente. Experto en divulgación xeolóxica, minería histórica de Galicia e xeoloxía costeira.

Descanso para café





DESCRIBIÓN DOS CONTIDOS DO SEMINARIO

4-Formas de acumulación somerxidas: Corpo sedimentario inhabitual entre as illas de Faro e San Martiño

12:30 - 13:10 hrs

Descrición e análise do corpo sedimentario somerxido existente entre as illas de Faro e San Martiño. Trátase dun depósito inhabitual produto de eventos de tormenta asociados a un intre concreto do último ascenso do nivel do mar.

Soledad García-Gil, (UVigo)

Xeóloga. Catedrática da Universidade na Facultade de Ciencias do Mar da Universidade de Vigo. Experta en Estratigrafía sísmica e con ampla experiencia nas Rías Galegas.

5-Formas de acumulación emerxidas: Sistema barreira-lagoon de Rodas e rexistro de praias e dunas fósiles

13:10 - 13:50 hrs

Descrición detallada do sistema sedimentario que inclúe o cordón dunar de Rodas (praias e dunas) e a "Lagoa dos Nenos". Análise detallado da súa secuencia sedimentaria que ao modo de "cápsula do tempo" revélanos a súa evolución histórica. Descrición dos depósitos de praias/dunas fósiles.

Susana Costas, (UALgarve, Portugal)

Oceanógrafa. Investigadora do CIMA-Universidade do Algarve (Portugal). Experta en dinámica e evolución costeira. Realizou a súa Tese de doutoramento nas Illas Cíes. Coautora da Guía Xeolóxica do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia.

6-Praias vivas: morfoloxía e cambios estacionais. Un enfoque dende a Ciencia Cidadá

13:50 - 14:30 hrs

Descrición do concepto e evolución das praias, como un dos ambientes sedimentarios mais dinámicos da costa. Aplicación de ciencia cidadá no estudo da evolución das praias.

Rita González Villanueva, (UVigo)

Oceanógrafa. Experta en dinámica e evolución costeira e sistemas de información xeográfica. Especializada na aplicación de ciencia cidadá a evolución costeira.